



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 24 de xaneiro de 2013

HORA DE COMEZO: 13.30 horas

HORA DE REMATE: 14.30 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Orzamento municipal 2013
3. Recoñecemento extraxudicial de facturas
4. Moción do PP sobre arbitraje de consumo e canxe participaci3ns preferentes e obrigas subordinadas
5. Informaci3n da alcaldía.
6. Rogos e Preguntas.

DELIBERACI3NS

1.Aprobaci3n da acta anterior.

Co voto a favor de todos os presentes apr3base a acta da sesi3n plenaria que tivo lugar o 21 de decembro do 2012.

2.Orzamento municipal 2013

Dáse conta do orzamento para o ano 2013, que foi informado favorablemente pola Comisi3n de Contas que tivo lugar o 21 de xaneiro do 2013, cos votos a favor do PP e en contra dos representantes do P S de G e ANOVA.

Sen máis procédese coa votaci3n e cos votos a favor do PP e en contra dos representantes do P S de G e ANOVA, ac3rdase:

1. Aprobamos o presuposto xeral para o ano 2013 do que do seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominaci3n	Euros
A/ Operaci3ns Correntes		
1	Gastos de persoal	1.351.067,16 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.043.300,00 €
3	Gastos Financeiros	16.319,67 €
4	Transferencias Correntes	48.500,00 €
	Total.....	2.459.186,83

	B/ Operacións de Capital	
6	Inversións Reais	300.000,01
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	3.504,49
9	Pasivos Financeiros	55.555,56
	Total.....	359.060,06
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		2.818.246,89 €

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Impostos directos	671.000,00 €
2	Impostos indirectos	40.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	342.914,99 €
4	Transferencias correntes	1.547.081,01 €
5	Ingresos patrimoniais	3.238,44 €
	Total.....	2.604.234,44 €
B/ Operacións de Capital		
6	Alleamento de inversións reais	- €
7	Transferencias de capital	210.507,96 €

8	Activos financeiros	3.504,49 €
9	Pasivos financeiros	- €
	Total.....	214.012,45 €
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS		2.818.246,89 €

2. Aprobar as bases de execución do presuposto xeral

3. Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe:

CADRO DE PERSOAL 2013				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
1	Secretaria	A-1	28	Propiedade
ADMINISTRACIÓN XERAL				
1	Administrativo	C-1	22	Propiedade
4	Administrativos/as	C-1	20	Propiedade
1	Administrativo	C-1	20	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	24	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	24	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	24	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Propiedade
1	Técnico Auxiliar de Urbanismo	C-1	20	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
LABORAL FIXO				

1	Monitor Deportivo	C-2	Propiedade
1	Conserxe	A.P.	Propiedade
1	Condutor recolledor do lixo	C-2	Propiedade
3	1 Capataz de serv. e 2 oficiais serv.	C-2	Propiedade
2	Operarias de limpeza	A.P.	Propiedade
LABORAL TEMPORAL			
8	Peóns de servizos (Grumir)		
1	Dinamizador social		
1	Auxiliar de deportes		
1	Operario de limpeza		
1	Educadora Familiar		
1	Conserxe		
6	Traballadoras da Escola Infantil		
4	Operarios de servizos		
1	Secretaria xulgado de paz		
1	Psicóloga CIM		
1	Técnico Orientación laboral		
1	Auxiliar servizos sociais		
1	Axente desenvolv. local		
1	Directora CIM		
PERSOAL DE GOBERNO			
1	Alcalde		Dedicación exclusiva

3.Recoñecemento extraxudicial de facturas

Dáse conta das facturas do exercicio 2012 que se someten ao recoñecemento do pleno para o seu aboamento con cargo ao orzamento 2013.

Sen máis, cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do P S de G e ANOVA, acórdase:

1. Aprobar as seguintes facturas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
Rexistradas en decembro			
1	Autoeléctrico Sergude, S.C. – Desengrasante 7414BSL	2012.0.3.0.213	18,15
2	Autoeléctrico Sergude, S.C. – Subst.bateria 5771DFF, camb.escobillas taladro, encender motobo	2012.0.1.0.213	183,24
3	Distribuciones E. Carballo, S.L. – Caramelos cabalgata Reis 2013	2012.0.3.0.226	226,93
4	A Plus English, S.L. – Clases de inglés mes de decembro	2012.0.3.0.226	1.430,00
5	Litonor, S.A. – Carteis e dípticos I Ruta de Tapas	2012.0.3.0.226	739,31
Rexistradas en xaneiro			
6	Carpimetal Boqueixón, S.L. – Material metálico para marquesiñas	2012.0.3.0.212	363,61
7	M.B.G – Cinta moqueta, coronahusillo serra, esmalte, flotador cisterna ... Prot.Civ	2012.0.3.0.212	64,29
8	Aluminios Vedra – Fabricación e colocación de paños de persianas para o local social de Sergude	2012.0.3.0.212	476,74
9	Aluminios Vedra – Acristalamiento de ventás para a escola de Codeso	2012.0.3.0.212	834,90
10	Comercial Sánchez – Muelle suspensión e tornillos para reparación cortasetos	2012.0.3.0.213	32,20
11	Ferretería Torres – Copia chave, tensor, masilla, cepillos coche, tornillos, brocas, sika, picaporte	2012.0.3.0.221	780,35
12	Gasóleos San Benito, S.L. – Gasóleo de automoción para o camión do lixo 7414BSL	2012.0.3.0.212	1.634,15
13	Droguería Ferretería El Sol, S.L. – Acometida auge en Pousada e anclaxe postes e sinaliz.Lestedo	2012.0.3.0.221	210,42
14	Editorial Compostela, S.A. – Publicación en Terras Santiago I Ruta das Tapas	2012.0.3.0.212	121,00
15	Autoeléctrico Sergude, S.C. – Cambiar lámparas 1600GZL e 5530GZZ	2012.0.1.0.213	13,21
16	Talleres Sánchez Rey, S.C. – Lata aceite, lámparas, cortar chapas cazo e electrodos arco aire	2012.0.4.0.213	111,08
17	Talleres Sánchez Rey, S.C. – Bidas e botellas de auga desmineralizada	2012.0.4.0.213	3,51
18	Talleres Sánchez Rey, S.C. – Espello tractor e soldar soportes cuchilla rotor desbrozadora	2012.0.4.0.213	82,15
19	Litonor, S.A. – Revistas informativas Concello de Boqueixón	2012.0.9.0.226	2.056,08
	Total		9.381,32

CHC Energía – Gres cun importe total de 976,26 € con cargo á partida 332.212.00.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección suministro	Data emisión
1CSN121200068888	ES0111000009313060CD0F	166,12	Centro Cult. Camporrapado	13/12/12
1CSN121200116580	ES0221000001006049YG0F	316,66	Igrexa de Ledesma	29/12/12
1CSN121200116581	ES0221000001007078GK0F	62,38	Ponte Ledesma S/N	29/12/12
1CSN121200116582	ES0221000001007055AK0F	431,10	Lg. Ponte Ledesma S/N	29/12/12
	Total	976,26		

2. Proceder co seu aboamento con cargo ao presuposto xeral municipal 2013.

4.Moción do PP sobre arbitrase de consumo e canxe participaci3ns preferentes e obrigas subordinadas

Dáse conta da seguinte moci3n puntual do PP con data 10 de xaneiro de 2013 rexistro de entrada 13/64.

O Grupo Municipal do Partido Popular, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicaci3n, presenta diante do Pleno da Corporaci3n esta moci3n urxente:

EXPOSICI3N DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular quere amosar a súa comprensi3n e solidariedade coas persoas afectadas e o desexo de que recuperen canto antes os seus aforros, dos que son lexítimos propietarios.

Desde o momento no que xurde en Galicia o problema da comercializaci3n de Participaci3ns Preferentes e Obrigas Subordinadas polas caixas de aforro integradas en NCG Banco, desde a Xunta de Galicia, no eido das súas competencias, tratouse de buscar unha soluci3n para os adquirentes destas Participaci3ns Preferentes e Obrigas Subordinadas.

Hai que lembrar que o problema non é novo e que tampouco é exclusivo de Galicia. De feito, das nove emisi3ns vixentes de participaci3ns preferentes, cinco tiveron lugar entre os anos 2005 e 2008. Pero, ademais, esta é unha práctica que se estendeu por toda España entre todas as entidades bancarias sen que ninguén (nin o Banco de España nin a CNMV) advertira claramente do seu perigo para os pequenos investidores ou aforradores. Tamén emitiron participaci3ns preferentes bancos e caixas como Bankia, Bankinter, Banesto, Banco Sabadell, Banco Pastor, Santander, BBVA, CAM, Catalunya Caixa, Caja España, Ibercaja, Caixabank ou Kutxa Bank.

A Xunta de Galicia non ten competencias no eido do Sistema financeiro, as cales lle corresponden ao Banco de España e á Comisi3n Nacional do Mercado de Valores (CNMV). Sen embargo, é público e notorio o esforzo feito desde a Xunta de Galicia para que a Arbitrase de Consumo fose unha realidade e permitise dar unha soluci3n rápida, áxil e gratuíta a aqueles clientes que foron vítimas dunha comercializaci3n inadecuada dos diferentes produtos híbridos, participaci3ns preferentes e obrigas subordinadas. Desta forma, Galicia converteuse na primeira Comunidade Autónoma que promoveu esta vía, a pesares de que dende determinados sectores da política unicamente atopamos oposici3n a esta fórmula.

No momento actual, esa aposta da Xunta de Galicia pola Arbitrase de Consumo é unha realidade que está permitindo dar unha solución aos aforradores que foron enganados, vítimas dunha comercialización indebida.

É tan evidente esa realidade que a día de hoxe mais de 11.000 familias galegas xa recuperaron os seus aforros que tiñan en Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas, demostrándose a eficacia da Arbitrase de Consumo para resolver o problema social existente.

Téndose percorrido tanto camiño para a solución do problema, este grupo municipal entende que debe seguirse ese camiño da Arbitrase de Consumo ata o final, de xeito que todos os supostos de comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas nos que a comercialización por parte de NCG Banco fora con persoas cun perfil inversor non axeitado se resolvan a través desta vía.

A pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español consideramos que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos. Neste sentido, sería desexable que o Ministerio de Economía e Competitividade intercedese ante las autoridades comunitarias para que non se producisen tales quitas. E en todo caso, de ter que producirse, debe instarse ás autoridades competentes a que sexan na menor contía posible e que os posibles canxes por outro tipo de instrumentos financeiros se convertan en liquidez inmediata.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal do Partido Popular de Galicia presentan as seguintes MOCIÓNs para o seu debate no Pleno:

1º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas, en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares ós xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfiles foron tidos en conta ata o momento actual.

2º.- Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas, e de ter que soportar quitas, que sexa na menor contía posible e que os canxes poidan ser obxecto da súa realización líquida inmediata.”

Votan a favor os representantes do PP e do P S de G e abstense o representante de ANOVA. Queda polo tanto aprobada esta moción do PP.

5. Información da alcaldía.

Dáse conta dos Decretos habidos desde o 12 de novembro de 2012 ata o 17 de xaneiro de 2013.

6. Rogos e Preguntas.

O señor Canabal fai os seguintes rogos e preguntas.

Preguntas

1. No pleno do 14 de novembro, aprobouse unha moción por unanimidade que solicitaba iniciar todos os trámites necesarios para incoar o expediente de declaración de nulidade do acordo de ampliación do servizo de abastecemento de auga adoptado no ano 2006.

¿Fíxose algo neste aspecto?

¿Cando se iniciarán os trámites?

O señor Alcalde responde que de momento non se fixo nada.

2. Nos últimos plenos fixen algunhas preguntas en relación á colocación de rede wifi nos locais sociais do concello, moción aprobada en maio do ano pasado e aprobada por unanimidade.

¿Fíxose algo en relación a isto?

¿Cando se estima que se poderá cumprir a moción?

O señor Alcalde responde que se lle comentou a Telefónica e que agora dependemos deles.

3. “O 19 de setembro de 2011, a intervención deste Concello emitiu un informe sobre as altas do abastecemento e saneamento de auga.

Textualmente neste dicíase que ao longo do ano 2011 (entre xaneiro e agosto) se produciran altas sen que foran aprobadas nin en Xunta de Goberno nin por Resolución da Alcaldía, e tampouco constaba en tesourería o ingreso das respectivas taxas, cuxo importe ascendería a 4.550 €. Ademais, tampouco constaban os datos de 2010, ano no que entraran en vigor estas ordenanzas”.

Lonxe de defender estas ordenanzas, que neste apartado son unha auténtica animalada, o que non se pode consentir é que non se cumpran as ordenanzas reguladoras de servizo neste Concello, ou que haxa arbitrio á hora do seu cumprimento.

No propio pleno do mes de novembro, preguntei ao alcalde que tendo en conta este informe, porque non se cobraran eses contratos de altas en abastecemento e saneamento.

O Sr. Alcalde dixo que me repostaría na seguinte sesión plenaria, mais nunca recibín resposta.

¿Porque non se cobraron estas taxas de alta?

¿Como se vai a proceder para emendar esta gravísima irregularidade?

E aínda non recibín resposta.

O señor Alcalde responde que “xa lle contestarei”.

4. No pleno de novembro fixen o rogo para que se quitaran os letreiros de casas comerciais do cruceiro de castrelo e separalos deste. E non só do cruceiro de castrelo, senón de todos os elementos patrimoniais do concello. Creo que o seu coidado, tamén debe ser destes elementos antiestéticos.

¿Fíxose algo en relación a isto?

O señor Alcalde responde que “ Crin que xa se sacaran. Darei orden para que pasen por alí”.

5. O 24 de setembro de 2012, a empresa Espina y Delfín presentaba un informe do estado da EDAR do Polígono de Sergude. Concretamente o informe facía referencia a unha multitude de deficiencias:

Cadro Eléctrico:

- Planta Parada: Non está funcionando nin a soplante nin a bomba de recirculación de fangos.
- A soplante e a bomba de recirculación non teñen contahoras para comprobar o seu tempo de funcionamento.
- A soplante e a bomba de recirculación non teñen un mando de encendido/apagado na parte exterior do cadro.
- Está instalada a caixa para un interruptor xeral pero non hai tal interruptor.

entrada:

- Entra un caudal elevado (8-9 m³/h, no momento da visita) de auga quente (38 – 39 °C no momento da visita) e cun color blazcuno, procedente basicamente da lavandaría. O vertido ha cumprir coa Ordenanza do Concello, especialmente no tema de deterxentes, xa que poden crear problemas serios de escumas, e coa autorización de vertedura, en canto ao caudal máximo.
- A reixa non está fixa, polo que se coan residuos polos laterais.

soplante:

- Non está conectada adecuadamente á tubaxe encargada de distribuír o ar no tanque de aireación. Conta cunha tubaxe flexible de plástico que non é adecuada para as condicións de presión e temperatura ás que traballa a soplante.
- Fai algo de ruído. Hai que revisala e poñela a punto.

Bomba de recirculación de fangos:

- Non bombea os fangos cara o tanque anterior, só remove a auga que hai no tanque no que se atopa ubicada provocando que o fango se poña en suspensión e saia ao río. Revisar e poñer a punto a bomba de fangos.

Instrumentación:

- As 2 sondas de pH da medidas que non coinciden co noso pHmetro portátil. É necesario revisar se están en bo estado e calibralas.
- O caudalímetro das augas pluviais mide 1,66 m³/h a pesares de que non está pasando nada de auga neste momento. É necesario revisar a calibración dos caudalímetros da liña de pluviais e da de residuais.
- Os 2 rexistradores de pH e caudal da liña de residuais e da liña de pluviais non contan coas correspondentes tarxetas de memoria para almacenar, trasvasar e manexar os datos.

Saída:

- A auga está saíndo con mal aspecto. O 07/05/12, xa se tomou unha mostra comprobándose o incumprimento de 3 parámetros: DQO, DBO5 e SST.
- A partires do verquido da EDAR o canle do río está totalmente manchado de color branco por un largo tramo. Hai que limpalo completamente.

- É imperativo un vaciado de fangos e a posta en marcha dos equipos (soplante e bomba de recirculación) para comprobar se realmente a EDAR é capaz de cumprir cos parámetros da autorización de verquido.

Xeral:

- Hai varios elementos oxidados:
 - a) Os soportes das 2 sondas de pH e dos 2 medidores de caudal das liñas de pluviais e da de residuais están en mal estado.
 - b) As tapas dos canais de medida das liñas de pluviais e da de residuais están comezando a estragarse.
 - c) Os soportes do cadro cos transmisores de pH e caudal e co rexistrador están oxidados.
- É necesaria instalar unha toma de auga para a limpeza da planta.
- Falta a sinalización de riscos.
- A maleza na parte máis afastada da estrada está totalmente pegada ao peche da instalación. Limpar de maleza ao menos un metro.
- Hai materiais de obra en varias zonas da instalación. Hai que retiralos.

¿Tomouse algunha iniciativa en relación a emendar todos estes defectos?

Responde o señor Alcalde que “son eles os que a teñen que arranxar”.

O sr. Canabal di que os lixiviados da lavandería supoñen un serio problema.

Responde o sr. Alcalde que non é a lavandería senón que é Cosmos.

6. O pasado 13 de outubro (12/2.414), Ana Rodríguez Munín presentou a seguinte instancia:

“Expón:

Comunicado ao Sr. Sanjuás a precariedade do estado da citada pista, e ver que non cumpre coa súa palabra. Procedo a comunicar por escrito a miña disconformidade agardando que sexa atendida a miña petición.

Solicita:

Que se arranxe de inmediato a pista que vai dende a Espiñeira ata a aldea de Vigo, sobre todo os socabóns da aldea de Vigo. Precisan ser reparados xa, aínda que sexa provisional”.

Tendo en conta que xa o informara nun dos plenos anteriores a esta instancia:

¿Fíxose algo ao respecto?

¿Inclúese esta obra en algún dos plans do concello para o presente ano?

Responde o señor Alcalde: “creo que xa foron a arranxala pois está incluída no plan da Deputación”.

Rogos:

1. Rogo sobre a participación dos veciños do pleno.

Tendo en conta a situación actual, tanto de crise como da corrupción política, que tamén salpicou o noso concello, en aras a unha maior transparencia, e de achegamento das institucións aos cidadáns, máis que nunca considero necesario e mesmamente imprescindible regular a participación dos veciños, ben a título persoal ou colectivo nos plenos da corporación municipal.

Por iso rogo que se elabore un regulamento mínimo que permita estas intervencións no pleno do concello.

2. Rogo cambio de horario dos plenos.

Para permitir unha maior participación dos veciños do pleno, así como por comodidade para os concelleiros da corporación, rogo que se volvan a por os plenos en horario de tarde.

Preguntas e rogos realizadas polo señor Calvelo:

Preguntas

1. ¿Hai un control sobre os vehículos municipais, gastos de combustible, follas de ruta, partes de traballo? En caso afirmativo ¿pódeseme pasar a documentación para supervisala?

2. ¿Poden os empregados municipais facer uso particular dos vehículos do concello?

Responde o señor Alcalde que normalmente non os utilizan, salvo para ir a comer e volver ó traballo.

3. Debido as abundantes choivas e a falta de limpeza dos tubos de acceso ás fincas, a auga reborda as pistas co perigo de deterioro delas.

Responde o señor Alcalde que xa se están controlando e limpándoos.

A Concelleira, García Fraga di que concretamente o xoves día 23 estiveron limpando as tajeas en Lamas e Vigo.

Rogos

1. O Centro de interpretación Pico Sacro de Cachosenande, Lestedo, ten portas, ventás e todos os elementos exteriores en franco deterioro, polo que haberá que arranxalo.

2. Pista Cachosenande – Igrexa parroquial.

Limpar as cunetas para absorber a auga que baixa do campo de fútbol e do cruceiro de Castrelo.

Hai pozas de auga continuamente na pista.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Vº e Pr.
O alcalde